



## CONVOCATORIA DE MATRÍCULA NOS ESTUDIOS DO TERCEIRO CICLO

Curso académico 2003-2004

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela este Rectorado, logo da proposta do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF), resolve publica-la convocatoria de matrícula nos estudos de terceiro ciclo regulados polo Real Decreto 778/1998 de 30 de abril, e no así como no Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo (RETC) para o curso académico 2003-2004, conforme ás seguintes normas:

### **Primeira. Ámbito de aplicación**

A presente convocatoria abrangue a tódolos alumnos que pretendan comezar ou continuar estudos de terceiro ciclo, tanto na etapa de formación como na etapa de tese.

### **Segunda. Etapas do terceiro ciclo e condicións de acceso**

De acordo co disposto no RETC, o terceiro ciclo artúclase en dúas etapas:

- a) **Etapa de formación**, que comprende dos dous primeiros anos, os cales teñen contidos diferenciados:
  - a.1) **Período de docencia**, ou primeiro curso, no cal o alumno debe matricularse e superar un mínimo de 20 créditos das materias do programa no que resultou admitido e, de se-lo caso, doutros programas. As materias terán a consideración de metodolóxicas (A), básicos ou fundamentais (B) ou afíns (C).
  - a.2) **Período de investigación**, ou segundo curso, no que os alumnos que superaran o período de docencia deberán completar un mínimo de 12 créditos mediante a realización de un ou varios traballos de investigación tutelados. Potestativamente poderán matricularse en materias do período de formación do seu programa ou doutros programas, condicionado neste último caso á aceptación do coordinador ou coordinadores dos programas afectados.
- b) **Etapa de tese**. Logo de completa-la etapa anterior, e unha vez obtido o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) e a suficiencia investigadora, os alumnos deben solicitar no departamento que corresponda a admisión nesta etapa, para o cal presentarán un proxecto de tese avalada por un ou varios doutores, que actuarán como director ou codirectores da tese. No caso de que ningún deles pertenza ó departamento ou instituto universitario, un doutor destes deberá actuar como titor.

Os alumnos admitidos na etapa de tese deben formalizar unha matrícula de tutela académica anual nos lugares e prazos que se indicarán máis adiante. Así mesmo deben formalizar esta matrícula os alumnos que xa foran admitidos en anos anteriores por ter

presentado o seu proxecto de tese e continúen coa realización da tese de doutoramento. En ambos casos é preceptiva a inscrición previa no departamento.

### **Terceira. Modalidades de matrícula**

- a) **Matrícula ordinaria.** É aquela que os alumnos, previamente admitidos, realizan en calquera das dúas etapas do terceiro ciclo e que, unha vez obtido-los créditos e demais avaliacións legalmente establecidas, dan lugar á obtención dos diplomas e títulos oficiais que correspondan. En tanto non se diga expresamente o contrario, as presentes normas de matrícula refírense a esta modalidade de matrícula.
- b) **Matrícula complementaria.** É a regulada no artigo 17 do RETC, e poderá ser utilizada para os alumnos que, unha vez obtida a autorización do coordinador correspondente, desexen cursar materias do período de formación dun programa, e se atopen nalgunha das seguintes situacións:
- Alumnos matriculados na etapa de formación noutra universidade.
  - Alumnos en posesión do DEA que estean elaborando a súa tese de doutoramento na USC ou noutra universidade
  - Alumnos de universidades estranxeiras en virtude de convenio coa USC, que desexen cursar unicamente determinadas materias do período de docencia

Os estudos realizados en virtude dunha matrícula complementaria reflectiranse no expediente do alumno. As materias cursadas serán consideradas como de tipo C.

### **Cuarta. Lugares de matrícula**

A matrícula na etapa de formación realizarase preferentemente no **Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua** (Avda. das Ciencias, s/n; Campus Sur; Santiago). Tamén se poderá facer matrícula no **Negociado de Alumnos e Información** (Edificio da Biblioteca Intercentros; Campus Universitario; Lugo).

Para a matrícula na etapa de tese, desde o CPTF enviarase a tódolos alumnos admitidos ou inscritos nos departamentos a liquidación correspondente **por correo** ó seu domicilio. A formalización da matrícula non se realizará ata que o alumno non entregue no CPTF copia de ter abonada a cantidade correspondente.

### **Quinta. Prazos de matrícula**

A matrícula na etapa de formación, en calquera dos dous períodos (1º e 2º cursos) realizarase entre os días 14 e 31 de outubro. Os alumnos admitidos en cada programa deben presentarse para iso no día sinalado no calendario que se publica como anexo II, e que aparece no taboleiro de anuncios dos departamentos.

Como excepción, os alumnos que obtiveran o título equivalente á licenciatura no estranxeiro, poderán formaliza-la súa matrícula ata o día 22 de decembro.

A matrícula complementaria, descrita na norma terceira, realizarase entre o 13 e 28 de novembro.

A matrícula na etapa de tese, para aquelas persoas que desexen facela de xeito presencial, ou cando inclúa matrícula complementaria, realizarase entre os días 13 e 28 de novembro con independencia do departamento ó que pertenza cada alumno.

### **Sexta. Admisión de alumnos e publicación das listas**

De acordo co calendario aprobado, o día 19 de setembro os departamentos publican a relación de alumnos admitidos no período de docencia xunto co titor asignado a cada alumno e, de se-lo caso, a lista de agarda e de excluídos. Desde o día 22 de setembro ó 1 de outubro podíanse presentar reclamación contra as listas no propio departamento. O día 10 de outubro publicaranse as listas definitivas de alumnos admitidos e que están en condicións de realiza-la matrícula.

A admisión / inscrición de alumnos na etapa de tese realizarase no departamento no que se inscriba o proxecto de tese entre o 1 e o 20 de outubro, de acordo co calendario publicado, e as listas de admitidos e inscritos publícase o día 27 de outubro. Existe un prazo de reclamación ata o 7 de novembro, e o día 11 publícase a lista definitiva de alumnos que van realiza-la etapa de tese no departamento durante o curso académico 2003-2004. **Os departamentos deberán enviar ó CPTF copia das solicitudes de admisión daqueles alumnos que sexan aceptados o día 27 de outubro**, e comunica-las posibles variacións que se produzan como consecuencia das reclamacións.

### **Sétima. Matrícula na etapa de formación**

- a) **Matrícula no período de docencia.** Os tutores orientarán ós alumnos admitidos en relación coas materias que estes deben incluír na súa matrícula. Para este efecto, os departamentos faranlle entrega ós alumnos admitidos da súa correspondente **folha de matrícula**, que os alumnos deben presentar no momento de formaliza-la matrícula

A matrícula debe comprender materias (cursos e seminarios) por un mínimo de 20 créditos. Destes, cando menos 15 deben corresponder a materias do tipo B do seu programa. Para completa-los 5 créditos restantes poderán matricularse de calquera materia do seu programa ou doutros programas.

A matrícula en créditos doutros programas está condicionada á aceptación por parte do coordinador correspondente. Con independencia do tipo que estas materias tivesen asignado orixinalmente, no expediente do alumno serán consideradas en todo caso como de tipo C.

- b) **Matrícula no período de investigación.** No segundo curso desta etapa os alumnos formalizarán a súa matrícula nunha materia coa denominación de "Traballo de investigación tutelado".

Cando un alumno se matricule por segunda ou sucesivas veces do Traballo de investigación tutelado, a mencionada matrícula estará condicionada á aceptación expresa



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por parte do seu titor. Esta aceptación poderá aportala o alumno no momento da matrícula ou nos 15 días seguintes, utilizando o impreso previsto..

Para se poder matricular neste período é preciso ter completados 20 créditos do período de docencia, dos cales cando menos 15 deben ser de tipo B do seu programa. Poderán igualmente matricularse os alumnos que teñan un máximo de 6 créditos do período anterior pendentes de superar. Sen embargo, a obtención destes créditos será requisito imprescindible para que se poidan obte-los correspondentes ó período de investigación.

## **Oitava. Matrícula na etapa de tese**

Para inscribirse nesta etapa, os alumnos deben estar en posesión do **Diploma de Estudios Avanzados** ou ben da suficiencia investigadora obtida conforme ó Real Decreto 185/1985.

Ademais deben ter presentada, no prazo establecido na norma sexta, a súa admisión no departamento no caso de se matricularen por primeira vez, ou ben inscribirse en anos sucesivos. No primeiro caso a súa solicitude de admisión debe ir acompañada polo proxecto de tese de doutoramento. En ambos casos deberá da-la súa conformidade o director ou codirectores da tese.

Os departamentos deben, no momento de inscribir a estes alumnos, cerciorarse da dedicación a tempo completo ou parcial que os interesados van dedicar á realización da tese de doutoramento no presente curso académico.

## **Novena. Documentación**

### **a) Común para tódolos alumnos.**

- Folla de matrícula facilitada polo departamento
- No caso de non posuír tarxeta de identificación universitaria, formulario para a obtención da mesma, xunto cunha fotografía.
- Aqueles solicitantes de subvención para a exención ou redución dos prezos públicos por matrícula deberán indicalo na solicitude de matrícula. A Sección de Bolsas recabará máis tarde a documentación necesaria para resolve-la concesión da axuda.
- Documentación acreditativa da condición de familia numerosa, de se-lo caso
- Credencial de bolseiro, ou copia de solicitude de bolsa no seu defecto, nos casos en que a bolsa leve asociada a gratuidade na matrícula e este importe sexa compensado polo organismo financiador.
- Copia da liquidación de prezos públicos, facilitada no momento da matrícula, a cal debe estar selada pola entidade bancaria na que se fixera o ingreso.

### **b) Matriculados por primeira vez no período de docencia:**

- Copia do DNI ou pasaporte
- Copia do título de licenciado ou equivalente ou da certificación de telo solicitado



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Cando ese título fose obtido no estranxeiro, copia da súa homologación, da resolución de admisión previa polo rector da USC, ou ben de ter solicitado algunha destas dúas modalidades de equivalencia.
- c) **Matrícula no período de investigación.** Deberán cubri-lo formulario que se lle facilitará no momento da matrícula e, de se-lo caso, aporta-la conformidade do titor.
- d) **Matrícula na etapa de tese.** Unicamente a folla de liquidación selada polo banco.

## **Décima. Prezos de matrícula**

A matrícula na etapa de formación suporá o abono dos prezos públicos e taxas de secretaría aprobados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (**Decreto 327/ 2003, DOG do 4 de agosto de 2003**)

Os alumnos da **etapa de formación**, no momento da presentación da matrícula, poderán optar polo **pagamento íntegro** do importe ou polo **pagamento fraccionado** en tres prazos. No último caso, o primeiro prazo aboarase no momento da matrícula polo 50 % do importe; o segundo prazo aboarase durante o mes de decembro polo 25 %, e o terceiro prazo durante a primeira quincena de marzo polo 25 % restante. O fraccionamento non afectará ós prezos do seguro escolar, tarxeta de identidade e apertura de expediente, os cales se aboarán no primeiro prazo.

A matrícula na **etapa de tese** implicará o abono da tarxeta de identidade xunto co seguro escolar para as persoas que a día 15 de setembro de 2003 non cumpriran os 28 anos ou ben un seguro de accidentes nos demais casos. O importe resultante deberá aboarse nun único prazo na semana seguinte ó envío da liquidación de prezos.

As exencións e reducións de prezos públicos só poderán realizarse polos motivos establecidos na normativa vixente para os membros de familias numerosas e os beneficiarios das axudas mencionadas na Resolución Rectoral de **14 de xullo de 2003**. O sistema de exencións ou reducións de prezos non é aplicable na etapa de tese, por non se tratar de prezos públicos. Unicamente poderán quedar exentos de abonar estes prezos:

- O persoal da USC, no caso da tarxeta de identidade
- O persoal da USC e o persoal investigador, incluído-los bolseiros de investigación, cando sexan maiores de 28 anos sempre que acrediten ter unha cobertura de seguro de accidentes, no caso da póliza de seguro.

## **Decimoprimeira. Desistencia e modificación da matrícula**

Os alumnos matriculados poderán anular ou incluír materias na súa matrícula ata o 22 de decembro, mediante unha solicitude presentada no CPTF. En ningún caso se poderán anular materias que xa fosen impartidas, nin facer modificacións que dean como resultado o incumprimento dos créditos mínimos mencionados na norma 7ª - a). Cando estas modificacións supoñan a inclusión de novas materias débese poñer en coñecemento do coordinador ou coordinadores dos programas afectados.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As modificacións de matrícula que impliquen unha diferenza na liquidación de prezos públicos a favor do alumno serán tramitadas como devolucións polo CPTF. Trascorrido este prazo non se admitirán modificacións que non estean xustificadas segundo o criterio da Comisión de Doutoramento, nin se efectuarán devolucións de prezos públicos por este motivo.

## **Decimosegunda. Traslados**

Os alumnos que superaran estudos parciais na etapa de formación, e desexen continua-los estudos de terceiro ciclo na USC, deberán aterse ós prazos de admisión nos departamentos e posterior matrícula mencionados na presente resolución. De se-lo caso, a validación das materias superadas tramitarse con posterioridade á matrícula.

Igualmente os alumnos que desexen realiza-la tese de doutoramento nalgún departamento da USC deberán obte-la súa admisión e formaliza-la matrícula nos prazos establecidos. O traslado de expediente non se requirirá para aqueles que estean en posesión do Diploma de Estudos Avanzados expedido por unha Universidade española.

## **Décimoterceira. Norma final**

Para os efectos da presente convocatoria, as mencións que nela se fan ós departamentos universitarios deben entenderse que inclúen igualmente ós institutos universitarios.

Facúltase ó CPTF e á Comisión de Doutoramento, nos temas que sexan da súa competencia, para resolver-las dúbidas que en relación coa interpretación do Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo se poidan presentar durante o proceso de matrícula dos alumnos.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2003

O RECTOR,



*Senén Barro Ameneiro*  
Senén Barro Ameneiro

Sr. Secretario Xeral da Universidade / Sr. Secretario Xeral Adxunto / Sr. Vicerrector de Terceiro Ciclo e Extensión Docente / Sr. Vicerrector de Profesorado e Organización Académica / Sr. Vicerrector de Investigación e Innovación. Sres/as. Directores/as dos Departamentos e Institutos Universitarios. / Sres. Coordinadores dos programas de doutoramento / Sr. Xerente / Sr. Vicexerente do Campus de Lugo / Xefes dos Servizos de: Xestión Académica, Axudas e Servizos ao Alumnado, Control Interno; Contabilidade e Presupostos / Srs. Xefes das Unidades de Xestión Académica / Sr. Director do COIE



**Anexo I**

**CADRO RESUME DAS NORMAS DE MATRÍCULA**

**ETAPA DE FORMACIÓN**

*Período de docencia (1º curso). Matrícula ordinaria*

*Período de investigación (2º curso)*

- **Admisión:** o 21 de setembro publícase a lista de admitidos e remítese ó CPTF
- **Prazo:** do 14 ó 31 de outubro (ver día concreto para cada programa)
- **Lugar:** CPTF (Santiago); Negociado de Alumnos e Información (Lugo)
- **Requisitos:** Ter o título de licenciatura ou equivalente; estar admitido no programa
- **Documentación:** Copia do DNI; Copia do título de licenciatura (só 1º curso); cubrir impresos de matrícula; documentación acreditativa no caso de familia numerosa.

**ETAPA DE TESE**

- **Admisión:** o 27 de outubro publícase a lista de admitidos e remítese ó CPTF
- **Matrícula:** envío por correo
- **Prazo:** do 13 ó 28 de novembro (matrícula presencial)
- **Lugar:** CPTF (Santiago); Negociado de Alumnos e Información (Lugo)
- **Requisitos:** Ter o DEA ou suficiencia investigadora; ter presentado o proxecto de tese, avalado por un director; estar admitido polo Departamento (1ª vez) ou inscrito (anos posteriores)
- **Documentación:** Impreso de matrícula. Ademais, copia DNI, certificación de estudos e DEA, no caso de proceder doutra Universidade.

**Matrícula complementaria**

- **Prazo:** do 13 ó 28 de novembro.
- **Supostos:** alumno do terceiro ciclo doutra universidade; alumno da USC en posesión do DEA; alumno estranxeiro en virtude de convenio.
- **Requisitos:** ter a aceptación do coordinador ou coordinadores afectados
- **Documentación:** formulario de inscrición; documentación acreditativa do suposto concreto.

**Alumnos con título de licenciatura obtido no estranxeiro (período de docencia)**

- **Prazo:** do 14 de outubro ó 22 de decembro
- **Requisitos:** os mesmos que para os demais alumnos
- **Documentación:** a mesma que para os demais alumnos, e copia da homologación ou admisión previa



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

24 de outubro	2131- Teoría e Historia da educación 2129- Filosofía e Antropoloxía social 2162- Lóxica e filosofía moral 2130- Didáctica e Organización escolar 2133- Métodos e Técnicas de investigación en CC. do comportamento e da educación 2160- Didáctica das ciencias experimentais
27 de outubro	2118- Psiquiatría, radioloxía e saúde pública 2121- Pediatría 2166- Medicina 2177- Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía 2119- Cirurxía
28 de outubro	2127- Psicoloxía clínica e psicobioloxía 2128- Psicoloxía evolutiva e da educación 2132- Psicoloxía social e básica
29 de outubro	2122- Filoloxía galega 2124- Literatura española, Teoría da literatura e lingüística xeral 2125- Filoloxía inglesa 2126- Latín e grego 2175- Lingua española 2176- Filoloxía alemá
30 de outubro	2111- Bioquímica e bioloxía molecular 2113- Fisioloxía 2120- Ciencias Morfolóxicas 2174- Anatomía patolóxica e ciencias forenses
31 de outubro	2137- Historia da arte 2138- Historia I 2139- Historia medieval e moderna 2140- Xeografía 2155- Historia contemporánea e de América

**NOTA: Os alumnos que desexen formalizar a súa matrícula no Negociado de Alumnos do Campus de Lugo, poderán facelo en calquera día entre o 14 e o 31 de outubro.**